

INFORME- PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACION

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DE DIVERSOS GRUPOS MUSICAIS NAS FESTAS DE SAN FROILAN 2009. APROBACIÓN INICIAL DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.

ANTECEDENTES

I. Informe da Sección de Cultura, do día 26 de agosto de 2008 en relación coa contratación da actuación dos grupos musicais “ FUXAN OS VENTOS” “ THE WAILERS” e “ LOS PLANETAS” dentro do marco das actividades programadas polo Concello de Lugo para a celebración das festas de San Froilán 2009.

II. Informe de intervención do día 28 de agosto de 2008 no que se fai constar, entre outros aspectos, que existe consignación na partida 4510.22607 do Orzamento Xeral 2009 para a cantidade de 103.240 euros.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/rdi

Refª. Proposta concertos San Froilán 2009

Asunto: proposta

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.
- As restantes normas de dereito privado que lle sexan aplicables en canto ós efectos e extinción do contrato.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. O artigo 20 da LCSP refírese ós contratos privados celebrados pola Administración sinalando que terán esta consideración os celebrados por unha Administración Pública que teñan por obxecto “servizos comprendidos na categoría 6 do Anexo II, **a creación e interpretación artística e literaria ou espectáculos comprendidos na categoría 26 do mesmo anexo** e a suscripción a revistas, publicacións periódicas e bases de datos...”

SEGUNDA. O artigo 20 da LCSP establece o réxime xurídico dos contratos privados, sinalando que estes contratos “rexeranse en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas administrativas específicas, pola presente Lei e as súas disposicións de desenrolo, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda en razón do suxeito ou entidade contratante. En canto ós seus efectos e extinción, estes contratos rexeráanse polo dereito privado”.

No artigo 154 da LCSP establécese que os contratos que celebren as Administracións Públicas poderán adxudicarse mediante procedemento negociado “d) cando por razóns técnicas ou artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva, o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado”.

En base a todo o anterior proponse a utilización do procedemento negociado sen publicidade neste contrato artístico tendo en conta tamén o sinalado nos informes emitidos pola sección de cultura do Concello.

TERCEIRA. O prego elaborado para disciplinar o contrato en canto á súa preparación e adxudicación recolle as esixencias legais e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio,

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/rdi

Refª. Proposta concertos San Froilán 2009

Asunto: proposta

segundo o disposto nos artigos 99 da LCSP e 67.6 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Proponse nun único acto administrativo a aprobación da contratación, dos pregos de cláusulas administrativas particulares, do gasto, do procedemento de adxudicación e da adxudicación provisional ás empresas representantes dos diferentes artistas, en base ós seguintes motivos:

- As especiais características deste tipo de contratos artísticos fan que por parte dos servizos municipais redactores da parte técnica (sección de cultura) deba realizarse unha consulta previa ós artistas para comprobar a súa disponibilidad e o custo económico, o que implica que xa con carácter previo ó inicio da tramitación do expediente de contratación se coñezan tanto o artista, a empresa coa que se realizará o contrato así como as condicións deste.

- Tanto a Constitución como a Lei 30/1992, no seu artigo 3 establecen a **eficacia** como un dos principios esenciais da actuación das administracións públicas. Igualmente, o artigo 75 da mesma lei sinala que “ se acordarán nun so acto tódolos trámites que, pola súa natureza admitan unha impulsión simultanea e non sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo”.

- A celebración das festas patronais os vindeiro mes de outubro aconsella acelerar igualmente a tramitación do expediente coa finalidade de que estean adxudicados definitivamente os contratos antes de que teñan lugar os espectáculos.

CUARTA. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, correspóndelle á Xunta de Goberno Local as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, e a normativa específica de aplicación, ponénselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar a CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DE DIVERSOS GRUPOS MUSICAIS NAS FESTAS DO SAN FROILAN 2009, por un importe total de 103.240 €, E incluído.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/rdi

Refª. Proposta concertos San Froilán 2009

Asunto: proposta

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación sinalada no parágrafo anterior así como as especificacións técnicas que figuran nos informes da sección de cultura, sendo o teor literal do prego o seguinte:

“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DE DIVERSOS GRUPOS MUSICAIS NAS FESTAS DE SAN FROILAN 2009

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do presente prego a contratación das actuacións musicais de varios artistas dentro do marco das actividades programadas polo Concello de Lugo para a celebración das festas de San Froilán 2009

O presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación Nacional de Productos por Actividades 1996 (CNPA-1996):

92.3 - OUTROS SERVICIOS ARTISTICOS E DE ESPECTÁCULOS - -
92.31 - Servicios de creación e interpretación artísticas e literarias - -
92.31.2 - Servicios de creación e interpretación artísticas e literarias 961e -
92.31.21 - Servicios de produción de espectáculos e servicios relacionados co espectáculo 96191 -
92.31.21.10 92.312 Servicios de produción de espectáculos - -
92.31.21.20 92.313 Servicios relacionados co espectáculo - -
92.31.22 92.311 Servicios proporcionados por autores, compositores, escultores, artistas do espectáculo e outros artistas que traballan independentemente 96192 -

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Trátase dun contrato privado, recollido e regulado no artigo 20 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público e que ten por obxecto a contratación da celebración dun espectáculo artístico.

Como tal contrato privado, rexerá en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas administrativas específicas, pola LCSP e as súas

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/rdi

Refª. Proposta concertos San Froilán 2009

Asunto: proposta

disposicións de desenvolvemento e en canto ós seus efectos e extinción, polas normas de dereito privado.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.
- As restantes normas de dereito privado que lle sexan aplicables en canto ós efectos e extinción do contrato.

TERCEIRA.- PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.

Os espectáculos musicais obxecto destes prego celebraranse nas datas e escenarios indicados nos informes técnicos emitidos pola sección de cultura do Concello que se acompaña como anexo ó presente prego.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

O orzamento máximo para a contratación destas actuacións é de 103.240 euros, distribuídos do xeito que se indica a continuación. Nestes prezos están incluídos os gastos xerais, beneficio industrial e mailo IVE.:

- . FUXAN OS VENTOS: 30.160 €
- . THE WAILERS: 34.800 €
- . LOS PLANETAS: 38.280 €

Faise consta-la existencia de consignación orzamentaria na partida 4510.22607 do vixente Orzamento.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/rdi

Refª. Proposta concertos San Froilán 2009

Asunto: proposta

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento negociado, previsto e regulado polos artigos 122, 153 e seguintes da LCSP.

Están facultados contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 43 e seguintes da LCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/rdi

Refª. Proposta concertos San Froilán 2009

Asunto: proposta

b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2.-A solvencia técnica ou profesional dos contratistas poderá acreditarse polos medios seguintes:

- Unha declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, a que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia técnica por calquera outro dos medios sinalados no artigo 67 da LCSP

SÉTIMA. GARANTÍAS.

Dada a natureza do contrato e as características dos posibles licitadores non se establecen garantías provisional nin definitiva para a contratación que regula este Prego, de acordo co previsto nos artigos 83 e seguintes da LCSP.

OITAVA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición asinada polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións.

A proposición presentarase no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres).

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/rdi

Ref^a. Proposta concertos San Froilán 2009

Asunto: proposta

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

NOVENA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

A proposición deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado polo titular da asesoría xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentárase orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres. Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da solvencia económica e financeira mediante a presentación dos documentos a que se fai referencia na cláusula sexta do presente prego.

- Acreditación da solvencia técnica mediante a presentación dos documentos a que se fai referencia na cláusula sexta do presente prego.

- Declaración responsable do licitador na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/rdi

Refª. Proposta concertos San Froilán 2009

Asunto: proposta

impostas polas disposicións vixentes, sen perxuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria e o Concello de Lugo, respectivamente segundo se trate de tributos estatais ou municipais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.

A proposición económica, conterà o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación da **“ACTUACIÓN DE.....”**.

b) Propón como prezo do contrato a cantidade de euros, IVE incluído. A cantidade consignarase en letra e número.

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMA. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/rdi

Ref^a. Proposta concertos San Froilán 2009

Asunto: proposta

1.. A adxudicación provisional será efectuada polo órgano competente. Deberá notificarse ós candidatos ou licitadores e publicarse no perfil do contratante. A adxudicación recaerá sobre a proposta que resulte máis vantaxosa, en apreciación conxunta de tódolos documentos presentados, ou declararase deserta se, na súa apreciación libre e xustificada, ningunha das proposicións presentadas resultase conveniente ós seus fins.

2. A elevación a definitiva da adxudicación producirase unha vez transcurridos quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique a primeira no perfil do contratante do Concello de Lugo. Neste prazo, o adxudicatario deberá presentar a documentación acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias -incluídas co Concello de Lugo- e coa Seguridade Social.

DÉCIMO PRIMEIRA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO..

O contrato poderán formalizarse no documento privado que acorden as partes ou ben en documento administrativo.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado pra a formalización do contrato.

DÉCIMO SEGUNDA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. O contrato executarase con estricte suxeición ás estipulacións contidas no documento privado asinado polas partes e ás cláusulas estipuladas neste prego aprobado polo Concello.

2. Dada a natureza deste contrato, no que as cualidades técnicas e persoais son determinantes para a adxudicación, os dereitos e obrigas dimanantes del non poderán ser cedidos a un terceiro.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/rdi

Refª. Proposta concertos San Froilán 2009

Asunto: proposta

2. Faise constar expresamente que os traballos obxecto deste contrato non son susceptibles de ser subcontratados polo contratista adxudicatario.

DÉCIMO TERCEIRA. DEREITOS E OBRIGAS ESPECÍFICAS

- O contratista estará obrigado a cumpri-las disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumpri-las disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

- O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente ó presente prego, ás condicións técnicas e demais aspectos contractuais.

- O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

- Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

DÉCIMO CUARTA. PAGAMENTO.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria ou talón bancario trala celebración do concerto e a presentación da correspondente factura por parte do contratista.

DÉCIMO QUINTA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/rdi

Refª. Proposta concertos San Froilán 2009

Asunto: proposta

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 285 da LCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.”

TERCEIRO.- Nomear responsable do presente contrato á Sección de Cultura do do Concello.

CUARTO.- Aprobar o gasto de 103.240 € correspondente á partida 4510.22607 do vixente Orzamento municipal.

QUINTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento negociado, de acordo co disposto nos artigos 122, 153 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

SEXTO.- Adxudicar provisionalmente a **CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DE DIVERSOS GRUPOS MUSICAIS NAS FESTAS DE SAN FROILAN 2009** ás mercantís relacionadas a continuación:

- Concerto: “FUXAN OS VENTOS”, representados por NONSÍ SERVIZOS CULTURAI, S.L., CIF B-36.560.365, e domicilio Avda. Luís González Taboada, nº1, 4º dtra- 36500 LALÍN - PONTEVEDRA, por importe total de 30.160 euros.

- Concerto: “THE WAILERS”, representados por IDEA SONS, S.L, CIF B-36934909, e domicilio C/ Areal 52, 3ªA VIGO-PONTEVEDRA, por importe total de 34.800 euros.

- Concerto: “LOS PLANETAS”, representados por SWEET NOCTURNA, S.L.N.E., CIF B-36998524, e domicilio C/Hernan Cortés 30 entresuelo izq- 36203 VIGO-PONTEVEDRA, por importe total de 38.280 euros.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/rdi

Refª. Proposta concertos San Froilán 2009

Asunto: proposta

SÉTIMO.- Delegar a competencia para a adxudicación definitiva dos contratos de referencia na Tenente de Alcalde Delegada da Area de Economía e Emprego, procedendo a publicación correspondente

Lugo 28 de agosto de 2009

O XEFE DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz

CONFORME,
A CONCELLEIRA DELEGADA DA AREA

Asdo.: Sonia Mendez Garcia